



A PIE DE CALLE

XURXO MARIÑO

Científico e divulgador



Xurxo Mariño traballa como investigador no campo da neurociencia | KOPA

«En Galicia estamos lonxe de ter un nivel aceptable de cultura científica»

Francisco Albo

CHANTADA | O neurofisiólogo lucense Xurxo Mariño Alonso é un dos promotores do café teatro científico que se desenvolve na cafetería Capitol de Chantada, cuxa última sesión se celebrará mañá ás 20 horas.

—¿De onde saíu a idea de organizar estas sesións?

—As tertulias de divulgación científica son habituais desde hai tempo no mundo anglosaxón e noutros países. En Galicia comezamos con elas no 2006 e a idea partiu dun grupo de investigadores de neurociencia da Universidade da Coruña, pero en vista do éxito que tiveron, ampliámoslas a outras ramas da ciencia. O que ten de novidoso o que facemos nós é que lle incorporamos técnicas de teatro co apoio de varios actores, e estamos moi contentos co resultado.

—¿Son sempre en poboacións pequenas como Chantada?

—Si, decidimos centrarnos en vilas pequenas e medianas, porque neses lugares hai menos actividades de divulgación cultural e científica.

—En xeral, ¿como anda en Galicia o nivel de cultura científica?

—Estamos lonxe de ter un nivel aceptable, pero non só en Galicia, senón en calquera país occidental. Consideráse que para ser un pouco culto hai que saber algo de historia, arte ou literatura, pero á cultura científica xeral non se lle dá importancia. Porén, para que un país avance é preciso que a xente teña unha mínima noción das ciencias. Sen iso, non teremos elementos de xuízo para decidir sobre cuestións como a enerxía nuclear ou a investigación con células nai.